



CONCELLO DE BUEU

ANUNCIO RESULTADO PROVISIONAL DO PROCESO ESTABILIZACIÓN CAPATAZ

Rematado, polo Tribunal en data 26.05.2023, o estudo da documentación aportada no concurso de méritos do proceso de estabilización de capataz (06.01.00.06)

Antes de comezar o estudo da documentación presentada polos aspirantes ao concurso de méritos do proceso de estabilización de capataz a base 9.2 no referente aos méritos profesionais é interpretado polo tribunal no sentido pretendido pola Lei 20/2021 de estabilizar postos de traballo, atendendo polo tanto as concretas funcións do posto de traballo a estabilizar, así como aplicando o criterio establecido no apartado relativo a Outros Méritos no que unicamente se valoran cursos relacionados directamente coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria (ademáis dos considerados transversais).

Finalmente a base 9.2 é interpretada dacordo coa base 7º *As dúbidas ou incidencias que xurdan sobre a aplicación das normas das bases da convocatoria, serán resoltas polo Tribunal por maioría de votos das persoas asistentes á sesión, decidindo en caso de empate o voto da Presidencia.*

A vista do indicado anteriormente o tribunal, por unanimidade dos seus membros, acorda como base os seguintes criterios para o estudo da documentación aportada:

Para os méritos teráse en conta:

- 1.- Certificado de servizos prestados pola Administración correspondente.
- 2.- A vida laboral e os contratos de traballo presentados, por si sos, non será valorada polo tribunal.
- 3.-A vida laboral unicamente será valorada en unión de copia do contrato de traballo que permita ao tribunal comprobar a coincidencia do periodo de tempo traballado así como o concreto posto de traballo desempeñado.
- 4.-O tempo de servizos prestados será computado por meses completos non acumula días soltos.
- 5.-Soamente valorarase os cursos realizados nas Administracións Públicas relacionados co contido da praza a estabilizar.
- 6.- Valoraranse os cursos que se refiran á adquisición de competencias, habilidades e actitudes transversais: prevención riscos laborais, igualdade e non discriminación, violencia de xénero, traballo en equipo, protección de datos, transparencia, calidade dos servizos.

A vista do anterior o Tribunal procede a publicación do resultado provisional quedando como segue:

Capataz (06.01.00.06)						
Orde	Aspirantes	DNI	Méritos profesionais	Outros méritos	Titulación superior	Total
1	BARROS FERNANDEZ, ANA TERESA	***1115**	5,40		0,10	5,50
2	CALVIÑO LOPEZ, MARTIN	***9221**	66,90	10,00		76,90
3	CUENCE RIAL, FRANCISCO	***1683**			0,10	0,10





CONCELLO DE BUEU

4	PIÑEIRO FERRADANES, SALVADOR	***9046**	147,00			90,00
---	------------------------------	-----------	--------	--	--	-------

Logo do anterior, en aplicación das bases do procedemento do proceso de estabilización de emprego, concedese un prazo de **10 días hábiles a partires do día seguinte a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Bueu e na páxina web do Concello de Bueu** para presentar as reclamacións ou alegacións oportunas.

Por ultimo, comunicase aos aspirantes que horario de rexistro de atención ao público do Concello de Bueu é de 8:30 a 13:30 horas de luns a venres.

